

Camiño de Santiago

A Esperanza

Cristianismo católico

Galicia, España

Xaneiro a xuño de 2021

Manuel Valcárcel (46 anos)

Tras todas as experiencias que se alongaron no espazo e no tempo, despois de máis de catro anos desde que empezou a xirar este proxecto na miña cabeza, tiña que dar un último paso para rematar un ciclo, para finalmente avanzar e deixar atrás o vivido.

Como o destino foi quen me guiou todo este tempo, este levoume a falar cun amigo sobre unha antiga ruta de peregrinación que pasaba pola serra do Courel en dirección a Santa María do Mao, no Incio (Lugo). Nesta localidade próxima ao Camiño Francés, lugar de peregrinación dende finais da Idade Media, xace o corpo de santo Eufrasio, un dos sete varóns apostólicos. Da mesma maneira que o Camiño de Santiago é un medio, non un fin, para chegar á meta, a tumba do Apóstolo, decidín continuar o meu camiño pola antiga ruta, pasando polo meu fogar en Monforte de Lemos e seguindo polo Camiño de Inverno ata chegar a Santiago de Compostela e ao Acoradoiro.

O meu camiño está cheo de experiencias vividas e compartidas, de alegrías e penas, de dúbidas e medos, cos problemas de saúde que se cruzaron diante miña e agora xa todo forma parte dun sendeiro no que os feitos foron reordenando as ideas constantemente.

A vida continúa, aquí ou noutro lugar.